

I TORNEO “XOGANDO ÁS PROBAS COMBINADAS”

10 de Decembro de 2022

O Lugo Running Club co patrocinio do programa Corresponsables desenvolto pola Universidade de Santiago de Compostela, organiza O I TORNEO “XOGANDO ÁS PROBAS COMBINADAS” o **SÁBADO 10 de decembro, en xornada de mañá**, no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar os atletas que teñan fichado ao longo da tempada actual (2022) que pertencen á categoría **sub-10**. Terán preferencia os atletas da provincia de Lugo.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as **22:00 horas do martes anterior á celebración da proba**. E na web da USC <https://corresponsables.usc.gal/> **SERÁ IMPRESCINDIBLE A INSCRICIÓN EN AMBAS PLATAFORMAS**, Unha vez se completan as prazas dispoñibles na plataforma da USC pecharase a inscrición. **Non se admitirán inscricións fora de prazo**. O mércores ás 13:00h publicaranse os admitidos.

A participación dos atletas será gratuíta.

Art. 3. Participación:

- Cada atleta será asignado a un grupo (A,B,C...) e participará en cada unha das 4 probas que compoñen o programa da competición (lanzamento de peso, salto de lonxitude, 50ml e 500m)
- Nos concursos os participantes terán 3 tentativas.
- Haberá un total de 60 prazas tanto para a categoría masculina como feminina. Unha vez se esgoten as prazas dispoñibles na plataforma da USC, pecharase a inscrición. Os atletas federados deberán cumprimentar tamén a inscrición na plataforma da RFEA, aqueles atletas non inscritos na plataforma da USC aínda que estiveran inscritos na extranet da RFEA non serán admitidos.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. Todos os atletas participantes recibirán unha medallas conmemorativa da súa participación.

Art. 5.

HORARIO DEFINITIVO

HORA	PESO	LONXITUDE	CARREIRAS
10:30	Sub 10 Masc - A	Sub 10 Masc - C	
10:45			50 ml Sub 10 Masc - B
11:00	Sub 10 Masc - C	Sub 10 Masc - B	50 ml Sub 10 Masc - A
11:05			
11:30	Sub 10 Masc - B	Sub 10 Masc - A	50 ml Sub 10 Masc - C
11:55			500m Sub 10 Masc - C
12:02			500m Sub 10 Masc - B
12:09			500m Sub 10 Masc - A
12:10	Sub 10 Fem - A	Sub 10 Fem - C	
12:20			50 ml Sub 10 Fem - B
12:40	Sub 10 Fem - C	Sub 10 Fem - B	50 ml Sub 10 Fem - A
13:10	Sub 10 Fem - B	Sub 10 Fem - A	50 ml Sub 10 Fem - C
13:35			500m Sub 10 Fem - C
13:42			500m Sub 10 Fem - B
13:49			500m Sub 10 Fem - A

Art. 6. Os participantes de cada grupo serán publicados na web da FGA.

Art. 7. O acceso ao módulo cuberto será restrinxido e controlado.

Os adestradores que queiran acceder, deberán cubrir o formulario habilitado ao efecto no sitio web <https://www.atletismo.gal> para recibir a acreditación correspondente que lle permita o acceso as zonas habilitadas para eles.

Art. 8. O non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 18 de novembro de 2022

O Delegado en Lugo da F.G.A.

COLABORAN: